

Expte: 2620/232
Retirar: 7 AGO-2024

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

Exp.: 44206/220

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERRO DETECTADO NA FIXACIÓN DAS DATAS DE CONSTITUCIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DA OEP-ESTABILIZACIÓN POLO PROCEDIMENTO CONCURSO

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES:

I- Por resolución da Concelleira delegada da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23/07/2024 (expediente 44206/2020), resolveuse aprobar o listado definitivo do persoal admitido e excluído da OEP- Estabilización do Concello de Vigo polo procedemento de concurso e datas da constitución dos órganos de selección.

II- Detectado un erro na fixación das datas de constitución dos órganos de selección (que inclúe un día inhábil), procede a rectificación conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) ao establecer que as Administracións públicas poderán, asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- ÓRGANO COMPETENTE

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de mesma data)- Patricia Rodríguez Calviño.

Á vista do exposto, proponse ao órgano competente a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“**Primeiro.-** Rectificar, ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) o erro detectado no punto terceiro da parte dispositiva da resolución da Concelleira delegada da área de goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23/07/2024 (Exp. 44206/220), consistente na errónea fixación das datas de constitución dos órganos de selección designados neste procedemento, pasando a recollese como redacción correcta do citado apartado, a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/07/2024 08:36	Páxina 1 de 4
240232323	CSV: ABA25D-27C28B-A9D254-BGLLE6-N74BYJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

“TERCEIRO.- Establecer a constitución dos distintos órganos de selección do presente proceso, nas seguintes datas e lugares:

• **TRIBUNAL-1. Tipo e número de prazas (A1):**

- 1-Técnico/a Departamento Música Tradicional-EMAO-(Lab)-A1
- 1-Director/a de Réxime Interior-ZOO-(Lab)-A1
- 1-Veterinario/a-ZOO-(Lab)-A1
- 1-Licenciado/a DEREITO-(Lab)-A1
- 1-Licenciado/a CIENCIAS DO TRABALLO-(Lab)-A1
- 1-Licenciado/a PSICOLOXIA-(Lab)-A1
- 1-Técnico/a. Sup.-Director/a (Licdo. Filosofía, Ciencias Educación e Pedagogía)-(Lab)-A1
- 1-Técnico/a Sup- Coordinador/a Plan Emprego Municipal (Enxeñeira)-(Lab)-A1

-Luns 9 de setembro de 2024 ás 10:00 horas na sala de reunións da Secretaría do Goberno Local, do Concello de Vigo (1º andar). ás 10:00 horas na sala de reunións da Secretaría do Goberno Local, do Concello de Vigo (1º andar).

• **TRIBUNAL-2. Tipo e número de prazas (A2):**

- 7-Diplomado/a en TRABALLO SOCIAL-(Func)-A2
- 1-Diplomado/a en TRABALLO SOCIAL-(Lab)-A2
- 1-Técno/a. Medio BIBLIOTECA-(Lab)-A2
- 1-Técno/a. Medio ARQUIVOS-(Func)-A2
- 1-Técno/a Medio Responsable Obras Programas Municipais de Emprego (Arqto. Técn. en Execución de Obras)-(Lab)-A2
- 1-Técno/a Medio-Admdor/a Prgmas. Municipais de Emprego (Licdo/a en C. Económicas e Empresariais)-(Lab)-A2
- 1-Técno/a Medio- Titor/a Programas Municipais de Emprego-(Lab)-A2
- 1-Técno/a Medio-Diplomado/a Educación Social-(Lab)-A2
- 1-Técno/a Medio-(Lab)-A2
- 6-Técno/a Orientación Laboral-(Lab)-A2
- 1-Conservador/a-(Func)-A2
- 1-Mestra/a Oficinos-EMAO-(Lab). Especialidade. Construción. Artesanal de Instrumentos Musicais-A2.

-Martes 10 de setembro ás 10:00 horas de 2024 na sala de reunións da Secretaría do Goberno Local, do Concello de Vigo (1º andar).

• **TRIBUNAL-3: Tipo e número de prazas (C1-C2-AP):**

- 1-Administrativo/a-(Func)-C1
- 4-Mestre/a Formacion-EMAO-(Func). Especialidades: Debuxo artístico, Serigrafía artística, Ourivaría, Moda e Confección-C1
- 3-Mestre/a Formacion-EMAO-(Lab). Espacialidades: Escultura e Talla Madeira, Deseño e Encaixe de Palillos, Carámica artística-C1
- 1-Mestre/a Formacion-EMAO-(Lab). Espacialidades: Artesanía en Coiro-C1
- 1-Delineante-(Lab)-C1
- 3-Administrativo/a-(Lab)-C1



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 30/07/2024 08:36

Páxina 2 de 4

240232323

CSV: ABA25D-27C28B-A9D254-BGLLE6-N74BYJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

- 3-Administrativo/a Servizos Trísticos-(Lab)-C1
- 1-Encargado/a Responsable Programas Municipais de Emprego-(Lab)-C1
- 10-Auxiliar Administrativo/a-(Func)-C2
- 2-Auxiliar Administrativo/a-(Lab)-C2
- 3-Oficial Coidador Mantemento Vixilancia e Control-(Lab)-C2
- 1-Oficial Sepultureiro-(lab)-C2
- 1-Oficial Instalacións Municipais-(Lab)-C2
- 1-Oficial Instalacións Deportivas-(Lab)-C2
- 3-Oficiais Mantemento Deportes-(Lab)-C2
- 4-Axudante Mantemento Deportes-(Lab)-E(AP)
- 7-Ordenanza Porteiro-(Func)-E(AP)
- 9-Axudante Mantemento-(Lab)-E(AP)

-Mércores 11 de setembro de 2024 ás 10:00 horas na sala de reunións da Secretaría do Goberno Local, do Concello de Vigo (1º andar)."

Segundo.- Manter vixentes os restantes apartados da resolución de data 23/07/2024 (Exp. 44206/220), que non foron expresamente modificados pola presente rectificación.

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos membros do órgano de selección designados, ordenando a urxente publicación na Intranet e na web municipal para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical

Cuarto.- Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data da sinatura electrónica

O técnico de Administración Xeral.- Marcos Viturro Gómez.

CONFORME.-

A Xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez.

DECRETO; á vista da proposta realizada **RESOLVO** de conformidade coa mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/07/2024 08:36	Páxina 3 de 4
240232323	CSV: ABA25D-27C28B-A9D254-BGLLE6-N74BYJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).- Patricia Rodríguez Calviño.

DOU FE.- A secretaria de Goberno Local- Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo
240232323

Data impresión: 30/07/2024 08:36

Páxina 4 de 4

CSV: ABA25D-27C28B-A9D254-BGLLE6-N74BYJ-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>